

RESIDENCIA DE TEMPO LIBRE O CARBALLIÑO (OURENSE)

DATOS XERAIS: Residencia con recinto propio, con ampla zona axardinada e aparcamento. Pódese chegar en coche ata a mesma porta principal. Accédese ao interior do edificio por escaleiras e ramplas adaptadas. A residencia conta con habitacións distribuídas entre a planta baixa, primeiro e segundo andar, e cada habitación dispón de baño propio. Asemade, na planta baixa hai cuartos de baño adaptados. Acceso dende o hall de entrada á cafetería e salas de uso común.

Os exteriores e os accesos ás zonas comúns están adaptados totalmente. Sinalización con pictogramas. Baños e habitación adaptadas na planta 0 da instalación. As habitacións teñen camas de usos individual de 90cm. Ten ascensor.

ACCESOS: Está situada na vila do Carballiño, a 29 km de Ourense, nun entorno de natureza fronte ao Parque do Carballiño que atravesa o río Arenteiro. Chégase dende a AG-53 (Ourense - Santiago) ou dende a N-541 (Ourense-Pontevedra).

ENDEREZO: Av. do Parque, S/N, 32500 O Carballiño, Ourense (42°25'29.4"N 8°05'21.4"W)

QUENDA	ANOS NACEMENTO	DESCRICIÓN DAS ACTIVIDADES
02 - 09 xullo	13-14-15-16	ARTE, DANZA URBANA, TECNOLOXÍA E NATUREZA • ACTIVIDADES XERAIS: Arte transmedia (storytelling a través de disciplinas artísticas escénicas, baile, plásticas e audiovisuais) ao xeito "influencer" didáctico, pintura mural de arte urbana de creación comunitaria, miniseries de vídeos didácticos e virais, creación dun museo efémero, participación activa en experiencias no medio natural e social da contorna en contacto directo coa veciñanza.
13 - 20 xullo	13-14-15-16	• OBXECTIVOS: executar un programa educativo de creación artística transmedia en convivencia coa natureza, desenvolver actividades creativas, sociais e artísticas con tres liñas temáticas (St2reamer mood, eco-exploradores e noites meigas), favorecer un ambiente de igualdade de oportunidades, accesible, respectuoso e cunha participación activa.



NORMAS XERAIS:

1. As persoas participantes estarán atendidas permanentemente por persoal titulado e especializado na organización e no desenvolvemento das actividades de tempo libre.
2. Ningunha persoa participante poderá abandonar o centro sen autorización expresa do/a director/a da actividade, e sempre acompañado por un **adulto autorizado (persoa que asinou os papeis de inscrición)**; no caso de non poder estar presente este, a persoa que efectúe a recollida deberá achegar a fotocopia do DNI de quen autoriza (persoa que asinou os papeis de inscrición) e do autorizado, así como o impreso de autorización que lles será facilitado o día da recepción.
3. **Prégase non facer visitas de non ser necesario**, coa fin de non interferir no desenvolvemento das actividades e limitar ao mínimo imprescindible a entrada de persoas alleas á instalación.
4. **Horario de chamadas: na información de recepción o equipo directivo comunicará ás familias os días en que se poderá contactar cos/coas menores (cun mínimo de 3 días durante a quenda) e o horario para as chamadas.** Nese horario, os/as rapaces/zas disporán dos seus móbiles se os traen ou ben as familias poderán chamar ao menor nos teléfonos indicados na reunión de recepción. Tamén se permitirá as chamadas fora do horario sinalado por causa xustificada.
5. As persoas participantes deberán levar as **tarxetas sanitarias orixinais** (ou seguro médico, MUFACE ou similar, e o talonario de receitas).

O día da incorporación deberase comunicar ao persoal técnico da actividade os medicamentos, en caso de tratamento específico, que estean a tomar; así como as alerxias, doenzas, ou calquera outra incidencia que se considere de interese.
6. Recoméndase que non leven obxectos de valor, nin grandes sumas de diñeiro.
Prevese a organización dun banco de cartos e móbiles onde os participantes poderán depositar os seus cartos e tamén os teléfonos (recoméndase poñer un adhesivo co seu nome tanto no teléfono coma no cargador e, no caso de ser necesario, unha lista cos números de teléfono e o PIN, se non se sabe de memoria). Os teléfonos entregaranse apagados.
7. Recoméndase levar a roupa marcada coas iniciais.
8. Na páxina web, no apartado "Documentación para presentar (fase de adxudicación)", estará dispoñible o modelo de autorización para recollida do menor e outra información de interese.



INCORPORACIÓN E RECOLLIDA DAS PERSOAS PARTICIPANTES

- A **incorporación** realizarase o **día do inicio da quenda correspondente**, entre as **10.00 e as 13.00 horas** na Residencia de Tempo Libre O Carballiño.

Para comunicar calquera incidencia en relación coa incorporación pode contactar co teléfono 644136582 durante os tres días anteriores á incorporación ao campamento en horario de 11:00-14:00 e 16:00-19:00.

- O día de **remate da quenda, a recollida das persoas participantes** deberá facerse entre as **11.00 e as 13.00 horas** na mesma instalación.

MATERIAL NECESARIO

- Toallas de aseo e de praia
- Bolsa para a roupa sucia. Non se poderá lavar ningún tipo de prenda na instalación.
- Cantimplora
- Chaleco reflectante
- Útiles de aseo
- Crema protectora solar
- Traxes de baño
- Sandalias pechadas con velcro
- Sombreiro ou gorra
- Camisetas e/ou roupa vella que se poida manchar (par ao mural de arte urbana).
- Pantalóns curtos ou bermudas
- Repelente para os mosquitos
- Vestimenta deportiva e de abrigo: chándal, pantalóns, suadoiro ou forro polar, chuvasqueiro, etc.
- Calzado deportivo que sirva en caso de choiva
- Mochila pequena de asa ancha para saídas
- Roupa interior suficiente para todos os días da quenda
- Lanterna
- Bolígrafo e caderno



O horario básico da quenda será o seguinte:

08.30 h.	Erguerse, aseo persoal, vestimenta axeitada e amaño de dormitorios
09.00 h.	Almorzo
09.30 h.	Acto comunitario I (Activa-T)
10.00 h.	Actividades de mañá (con interrupción para un refrixerio)
14.00 h.	Xantar
15.00 h.	Tempo libre xestionado
16.00 h.	Actividades de tarde I (con interrupción para merendar)
17.30 h.	Merenda
18.00 h.	Actividade de tarde II
19.30 h.	Duchas
20.30 h.	Cea
21.45 h.	Acto comunitario II (Asemblea)
22.00 h.	Actividade de noite
23.30 h.	Deitarse
00.00h.	Silencio na instalación